

## DECEMBRO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Decembro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	6.058.091	4,3%	220.745	9,2%
<b>NOITES</b>	16.626.731	2,6%	413.219	7,8%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	2,74	-1,7%	1,87	-1,3%
<b>% OCUPACIÓN</b>	47,18%	0,25	27,04%	2,55
<b>% OCUPACIÓN Fds</b>	55,03%	2,02	35,22%	6,45

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de decembro rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 9,2% e o volume de noites un 7,8% en relación ao mesmo período do anterior 2017.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda hoteleira neste último mes. O incremento deste 2018 engádese aos rexistrados en 2015 –do 7,4%-, en 2016 –do 7,9%- e 2017 –do 7,9% tamén neste caso-, elevando a cifra final a algo máis de 413 mil noites neste mes de decembro –a cifra máis elevada dos últimos once anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é bastante parella. Neste caso son seis anos consecutivos de crecemento en Galicia –no período 2013-18-, colocando a cifra final en preto de 221 mil –dato que supón un máximo histórico neste último mes do ano-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de máis de 18 mil viaxeiros aloxados e de preto de 30 mil noites en relación ao mes de decembro do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento parello. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 4,3%- así como do volume de noites –do 2,6% neste caso-.
- Obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. En particular sobe o volume de noites en boa parte delas agás en catro concretas: Navarra, Canarias, Aragón e A Rioxa –destino este último que rexistra o descenso máis acusado, do 6,1%.
- Baleares, cun incremento da demanda do 23,6%, é o destino que presenta mellor comportamento relativo neste último mes do ano. Segue en orde de importancia e a distancia Cataluña –que rexistra un incremento do 13,6% neste caso-. Xa nun segundo grupo sitúanse o País Vasco e Galicia con crecementos do contorno do 8% interanual.
- No lado contrario o destino que presenta o incremento máis suave ou moderado é Asturias, cunha suba do 1,3% en relación ao mes de decembro do pasado ano.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante. Lidera Baleares o incremento interanual cun 38,2%, por diante tamén de Cataluña –destino que neste mes presenta unha suba do 10,2%-.

Neste ranking Galicia marca a terceira porcentaxe máis elevada co 9,2% de mellora respecto de 2017.

- Por segundo mes consecutivo –e quinto no que vai de ano- Galicia rexistra un incremento da demanda no conxunto dos establecementos hoteleiros da comunidade. Refórzase o bo comportamento da demanda en temporada baixa en comparación cos restantes meses do ano.
- Canarias –con preto de 5,3 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de decembro –absorbendo o 31,8% do total estatal-. Recupera por terceiro mes consecutivo esta posición de liderazgo logo de que nos cinco meses anteriores fose Baleares o destino de maior peso a nivel estatal. Tal circunstancia xa acontecera no primeiro cuadrimestre do ano. Semella pois que o liderazgo de Canarias se concentra nos meses de temporada baixa ou media-baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía e Cataluña –ambas con máis de 2,3 millóns de pernoctacións-, Madrid –con preto de 2,0 millóns- e a C. Valenciana –con preto de 1,6 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 82% do total da demanda hoteleira de España. O 18% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –xusto por detrás das cinco anteriores e de Castela e León- representando o 2,5% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un comportamento positivo superando nun 8,6% o nivel de demanda do pasado ano grazas ao crecemento parello da cifra de viaxeiros residentes, do 10,3% neste caso. É o cuarto ano consecutivo no que se observa un crecemento do mercado interno neste mes de decembro, acadando agora en 2018 preto de 163 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos dez anos-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo –por vez primeira desde marzo-, cun incremento do 5,5% na cifra de viaxeiros aloxados e do 4,9% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017. É o sexto ano consecutivo no que crece o mercado receptor nacional en Galicia neste último mes do ano, acadando neste 2018 o nivel máis elevado desde o 2004.
- O turismo internacional participa igualmente desta dinámica positiva superando nun 16,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 14,7% o volume de noites do pasado ano. É o quinto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora do turismo internacional en Galicia neste último mes do ano, colocando desta maneira o volume final de 2018 en algo máis de 67 mil noites –dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade-.
- É o segundo mes consecutivo –e quinto neste ano- no que mellora o turismo internacional en Galicia –logo de acumular caídas consecutivas de abril a outubro-. Recupera a senda positiva xustamente nos meses de temporada baixa.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 16,3% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada baixa que, sen embargo, queda por encima dos valores rexistrados en anos anteriores. O peso do mercado internacional deste mes de decembro supón, por tanto, un máximo histórico na comunidade.

- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 44,4% do total da demanda hoteleira-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites nas catro provincias galegas, con diversa intensidade: un 6,0% en A Coruña, un 7,9% en Lugo, un 10,0% en Ourense e un 9,5% en Pontevedra. Esta mellora provén en esencia dun crecemento da cifra de viaxeiros en todas as provincias, con diversa intensidade.
- Con máis de 176 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 42,7% do total-. Acontece tal circunstancia por terceiro mes consecutivo logo de que no verán –de xullo a setembro- fose Pontevedra a provincia de maior peso. As diferenzas non son moi notables pero si se observa que en temporada alta cambia levemente o reparto da demanda a nivel territorial en comparación co resto do ano.
- Neste mes o 34,9% da demanda concéntrase na provincia de Pontevedra dando como resultado que o 78% do total se localiza nas provincias do arco atlántico. O 22% restante fica no interior –un 13% en Lugo e un 9% en Ourense-.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia descende neste mes de decembro –un 1,3%-, situándose preto de 1,9 noites de media. Cae a estadía media neste ano en contraposición aos incrementos rexistrados en 2016 e 2017. En realidade esta variable presenta un comportamento irregular neste último mes do ano e non se aprecia unha pauta estable. Con todo o descenso deste ano é baixo en intensidade e permite manter a cifra no contorno de 1,9 noites por terceiro ano consecutivo.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 6,8 noites de media, mentres que Castela A Mancha rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,6 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de leve caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,3%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en máis de dous puntos porcentuais para situarse no 27,0% de media para este mes-. É o cuarto ano consecutivo no que mellora o nivel de ocupación hoteleira en Galicia no mes de decembro, colocando deste maneira o dato de 2018 no máis elevado de cando menos os últimos dezaseis anos-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a segunda cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Asturias-. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 67,2% en decembro. Seguen Madrid –cun 56,6%- e a C. Valenciana –cun 45,1% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 47,2%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas. Sobe e mellora en sete delas –sendo Cataluña o destino con mellor comportamento relativo superando en cinco puntos a cifra do pasado ano-, mantense estable en seis destinos e descende en catro. Canarias é xustamente o destino de peor comportamento cunha caída de catro puntos neste mes.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste último mes do ano –un 5,6% en particular- situándose en 56,2 euros de media –a cuarta cifra máis baixa do conxunto do Estado por diante dos valores

rexistrados en Castela A Mancha, Murcia e Asturias-. Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de decembro con 103,6 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Baleares –con 93,6 euros-, Cataluña –con 90,1 euros- e Madrid –con 85,1 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 82,8 euros de media.

- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. Baleares é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 10,7%, seguido de Cataluña –cunha suba do 8%-. Mantéñense estables en tres destinos e caen en catro –sendo Asturias o destino de peor comportamento cun descenso do 5,1%-.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de decembro –froito dun incremento da demanda-, prodúcese nun contexto de crecemento paralelo das tarifas hoteleiras, circunstancia que neste mes leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR sobe un 14,8% ata situarse en 16,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 79,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de decembro, sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 55,9 euros-. Galicia marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 16,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade en todas elas agás en Aragón –onde se mantén estable- e en Castela e León e Canarias –destinos onde descende un 2,4% e 4,3% respectivamente-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Decembro 2011-18




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Decembro 2018




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Decembro 2018




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Decembro 2018




Fig. 5. Evolución da estadía media. Decembro 2011-18




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Decembro 2011-18




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Decembro 2011-18

